



Estimadas familias

Informámosvos de que hoxe, luns 30 de marzo de 2020 saíu publicado no DOG

as axudas para usuarios de comedor escolar xestionado pola Consellería, como compensación polo cese do servizo como consecuencia das medidas adoptadas pola pandemia do COVID-19.

DESTINADA

A familias de infantil ou primaria que durante o curso escolar teñan dereito a comedor gratuíto no comedor da Consellería, e tamén aquelas que pagan 1€. Deben constar na relación de usuarios a 31/01/2020.

Farase **unha única solicitude por familia.**

TRÁTASE DE

Unha **axuda de 2,50€** para os usuarios gratuítos e de 1,50€ para os que pagan 1€.

En principio, abordará os primeiros 14 días de suspensión que corresponden a 9 días lectivos.

O PRAZO

Comeza hoxe luns 30 de abril e rematará o venres 3 de maio.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- **De forma electrónica.** No formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal/portada?langId=es_ES

- **A través do correo electrónico do centro** ceip.carmen.garcia.carrasco@edu.xunta.es cos seguintes datos:

Nome e DNI do pai/nai

Nome do alumno/a

Número de conta bancaria na que desexa recibir o abono

- As familias que teñan dificultades para facelo por medios electrónicos, poderán facelo coa axuda do centro chamando ao teléfono do cole 988404056 ou ao da Responsable do centro. Non obstante, agradecemos que o fagades a través do correo electrónico.

A RESOLUCIÓN

Non se exporá publicamente na páxina web do centro nin as familias beneficiarias nin as cantidades concedidas. Saberédelo a través do ingreso na conta bancaria.

A resolución tardará aproximadamente 10 días e logo dela a Xunta abordará o pagamento en torno a 5 días despois.

En Cenlle, a 30 de marzo de 2020

Laura González Iglesias